



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 28 DE  
XULLO DE 2014**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e oito de xullo de dous mil catorce, baixo a presidencia de dona Maria Jesús González Roel, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén, como secretaria por delegación, dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 21 de xullo de 2014**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 21 de xullo de 2014 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

**2º.- Correspondencia**

Non se tratou este punto da orde do día.

**3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

**Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación**

Don Felipe Andreu Barallobre informa que se están a realizar os trámites correspondentes para adquirir tres terreos en Meixigo (o antigo campo de fútbol, onde está situado o palco e

onde se sitúa a estrutura do que pretendiu ser un local social). Engade que xa se fixo o levantamento topográfico e agora se está á espera de que a asociación de veciños presente a documentación que lle foi requirida.

#### Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que o luns pasado tivo lugar o acto de clausura e entrega de diplomas dos cursos de formación da edición XIV Plan de Formación para o Emprego, nos que participaron 175 alumnos.

A continuación, informa que as feiras correspondentes ao mes de agosto, tanto a do día 2 como a do terceiro domingo, se trasladarán á estrada do cemiterio, debido á celebración das festas. Engade que a distribución dos postos na situación provisional se fixo por sorteo, de tal xeito que o número resultante se instalará de primeiro e, dende aí, irán colocándose correlativamente conforme están agora.

#### Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que remataron as obras de urbanización da segunda fase da praza Manuel Murguía, no Temple, coa nova disposición dos bancos pétreos que contan agora con respaldos de madeira. Tamén do que se reorganizou dita praza, de xeito que agora se pode xirar á esquerda sen ter que dar á volta a toda a mazá.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que a semana pasada a brigada solucionou o problema de saneamento no lugar do Pombo, en Pravio, en concreto os atascos que se estaban a producir continuamente pola mala execución da obra.

A continuación informa respecto do escrito de ADIF, no que se establecen as delimitacións dos terreos da súa propiedade co Concello de Cambre, na urbanización da Barcala, onde se sitúa o edificio da Galiña Azul. Engade que será competencia do Concello rozar os terreos municipais.

A seguir, don Manuel Marante Gómez informa que a semana pasada rematou a sinalización da unidade de execución número 11. Igualmente di que esta semana se están a rebachear os camiños municipais pola brigada de obras.

Para finalizar a súa intervención, don Manuel Marante Gómez informa que esta semana se intentará adxudicar a segunda fase da roza, dado que a empresa da primeira fase o está a facer mal e se propoñerá a resolución do contrato.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

C.I.F. P-1501700-G

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro día 1 de agosto terá lugar a presentación pola compañía Rúa Activa dun espectáculo de circo no anfiteatro da igrexa, dentro da programación da Rede de Deputación.

A continuación informa que o día 2 de agosto a partir das 19.30 horas terá lugar a edición XXIII do festival "Rock in Cambre" coa actuación dos grupos Malasombra, Efecto Inverso, Loquillo, Obús e Rosendo. Igualmente informa que ese mesmo día se realizará a venda de camisetas deste evento na oficina do museo de Cambre, cun prezo de 5 euros.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que a documentación correspondente ás sancións á empresa adxudicataria do complexo deportivo da Barcala están en trámite e nesta ou na vindeira semana estará resolto o expediente.

A seguir informa que o día 1 de xullo comezaron, entre outras, as actividades de ioga, taichi e patinaxe. Igualmente informa que o día 14 de xullo comezou o primeiro curso de piraguismo e o segundo curso se inicia o día 4 de agosto.

A continuación, informa que no Brexo se realizou o mantemento e a sinalización vertical rematará no día de mañá.

Don Fernando Caride Suárez informa que a volta a España de ciclismo pasará polo lugar de Aián, na parroquia de Sigrás, o día 14 de setembro do ano que andamos.

Igualmente informa que o día 2 de agosto terá lugar o XV gran premio ciclista Concello de Cambre no Espírito Santo, de 16.00 a 19.00 horas.

Tamén informa que o Club ciclista e a Asociación de Clubs de Fútbol de Cambre están pendentes de pago dende o día 3 de xullo de 2014. Engade que isto provoca que xoguen sen contar cos debidos seguros, tendo que asumir el esta responsabilidade.

Para rematar a súa intervención, don Fernando Caride Suárez informa que remataron os campamentos de verán que organizou o departamento da OMIX, con moito éxito.

#### Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que hoxe comezaron as obras de reforma do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, de Cambre. Engade que a empresa está a traballar coa intención de instalar os servizos de administración no que era a casa do conserxe e no

seu sitio realizar tres aulas e o departamento de orientación. Tamén se farán as obras de saneamento no centro.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e trinta e catro minutos, do que eu, secretaria, certifico.

A presidenta



A handwritten signature in blue ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke.

María Jesús González Roel

A secretaria accidental



A handwritten signature in blue ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke.

Verónica María Otero López